



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FENE

Secretaría

Exposición pública padróns fiscais provisionais de 2026: vaos e cemiterio

ANUNCIO

A resolución da Alcaldía núm. 938/2026, do 19 de xullo, aprobou provisionalmente os padróns fiscais anuais, correspondentes ao exercicio 2026, das seguintes taxas:

-Padrón fiscal da taxa pola conservación e vixilancia de nichos no cemiterio municipal; integrado por un total de 2.045 recibos, por un importe total de 73.707,15€.

-Padrón fiscal da taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local, polas entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase (pasaxes permanentes); integrado por un total de 98 recibos, por un importe total de 25.253,74€.

Os ditos padróns estarán expostos ó público neste concello polo prazo dun mes, a contar desde o día seguinte á publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, durante o cal as persoas interesadas poderán interpoñer reclamacións ou alegacións fronte as liquidacións que neles se conteñen.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Unha vez rematado o período de exposición pública, de non presentarse reclamacións nin alegacións, os anteditos padróns consideraranse definitivamente aprobados.

Fene, 20 de xullo de 2026

A alcaldesa

Alejandra Permuy Meizoso

2026/4853